



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito relativas a las declaraciones del Subdelegado del Gobierno en Pontevedra sobre el crimen machista perpetrado el 31 de mayo en Campo Lameiro.**

El pasado 31 de mayo apareció un coche calcinado en el concello de Campo Lameiro, en cuyo interior se hallaron dos cadáveres que, posteriormente se confirmó que correspondían a Marisol Costa, víctima de asesinato machista, y a su maltratador, Ramón García, quien prendió fuego al coche con ambos dentro.

Los hechos se produjeron a pesar de que la víctima se encontraba dentro del sistema de protección Viogen con alto riesgo, ya que el agresor contaba con un amplio historial de violencia machista y contaba con una orden de alejamiento. Asimismo, constaban varias denuncias previas e incluso dos condenas por violencia machista, una correspondiente a otra pareja anterior y la segunda respecto a la mujer asesinada. Sin embargo, no se había dictado ninguna sentencia restrictiva de la libertad y tenía plena movilidad.

La confirmación de que los cuerpos correspondían a Marisol y su agresor causó una gran conmoción en el concello de Moraña, donde residía la víctima, y en el conjunto del país.

En esta situación, el Subdelegado del Gobierno en Pontevedra, Abel Losada, al explicar la investigación en curso sobre estos hechos, realizó unas declaraciones absolutamente irresponsables, machistas y que contravienen toda la legislación y los avances en materia de violencia machista, retro trayéndonos a los tiempos en los que se culpabilizaba a las mujeres del maltrato de sus parejas.

El Subdelegado del Gobierno afirmó que «no se puede proteger a quien no quiere ser protegido», en relación a que la víctima convivía con el agresor pese a que este contaba con una orden de protección. Indicó asimismo que «todos somos adultos e independientes» y que «no puede haber vigilancia las 24 horas, los siete días de la semana para nadie, especialmente para quienes no quieren que les protejan». Para finalizar elogiando la labor de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado en este caso.



Al margen de algunas declaraciones y de una visión ideológica reaccionaria, retrógrada y reprobable, hay que recordar al Ministerio del Interior que una orden de alejamiento y un alto riesgo implican un deber de extrema vigilancia y en caso de que se incumpla debe ser detenido por quebrantamiento de la orden.

Era sabido que la víctima convivía con el agresor en una vivienda de Moraña, donde era maltratada y presentaba golpes visibles en su cuerpo. Según consta, la Guardia Civil acudía periódicamente al citado domicilio para comprobar que la víctima se encontraba en la casa. La alerta se disparó cuando desapareció junto a su maltratador en el municipio lucense de Bóveda, momento en el que el agresor fue detenido y puesto a disposición del juzgado de Monforte, antes de quedar en libertad. Días después aparecieron quemados vivos dentro de un coche como consecuencia de una agresión machista.

A todo ello se suma la absoluta falta de respeto por parte del alcalde de Moraña (PP) que decretó tres días de luto oficial tanto por la víctima como por su asesino y agresor, equiparándolos.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Comparte el Gobierno las declaraciones de la Subdelegada del Gobierno de Pontevedra en relación al crimen machista de Campo Lameiro, señalando que «no se puede proteger a quien no quiere ser protegido» y que «no puede haber vigilancia 24 horas los siete días de la semana para nadie, especialmente para quien no quiere ser protegido»?
2. ¿Cómo se pueden realizar estas manifestaciones cuando la víctima estaba en el sistema de alto riesgo Viogen y el agresor tenía un amplio historial de malos tratos?
3. ¿No considera reprobable que un representante del Gobierno realice estas declaraciones machistas, retrógradas y reaccionarias, propias de épocas pasadas en las que se culpabilizaba a las mujeres víctimas?
4. ¿Exigirá responsabilidades al Subdelegado del Gobierno y reprobará sus afirmaciones?
5. ¿Realizará una investigación de este caso para conocer qué falló en el sistema Viogen y en las medidas de protección a la víctima?

Madrid, a 16 de junio de 2025



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 JUN. 2025 13:28:02

Entrada **72905**

Sobre as declaracións do Delegado do Goberno en relación ao crime machista de Campo Lameiro

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás declaracións do Subdelegado do Goberno en Pontevedra sobre o crime machista perpetrado o 31 de maio en Campo Lameiro.**

O pasado 31 de maio aparecía un coche calcinado no concello de Campo Lameiro, dentro do cal foron encontrados dous corpos que, posteriormente, se confirmaría, correspondían a Marisol Costa, a vítima do asasinato machista, e o seu maltratador, Ramón García, que prendeu lume ao coche con ambos dentro.

O suceso producíase a pesar de que a vítima estaba dentro sistema de protección Viogén con risco alto, pois o agresor contaba cun amplo historial de violencia machista e tiña unha orde de afastamento. Así mesmo, constaban varias denuncias previas e até dúas condenas por violencia machista, unha correspondente a outra parella anterior e a segunda a respecto da muller asasinada. Porén, non se ditou ningunha pena restritiva da liberdade e tiña plena mobilidade.

A confirmación de que os corpos se correspondían con Marisol e o seu agresor causaron grande conmoción no concello de Moraña no que residía a vítima e no conxunto do País.

Nesta situación, o Subdelegado do Goberno en Pontevedra, Abel Losada, ao explicar a investigación en curso sobre estes feitos, realizou unhas declaracións absolutamente irresponsábeis, machistas e que contraveñen todo o lexislado e



avanzado en materia de violencia machista, retrotraéndonos aos tempos nos que se culpabilizaba ás mulleres dos malos tratos das súas parellas.

O Subdelegado do Goberno afirmou que “non se pode protexer a quen non quere que a protexan”, en relación a que a vítima convivía co agresor aínda contando cunha orde de protección. Indicou que “todos somos adultos e independentes” e que “non pode haber vixilancia 24 horas e os sete días da semana para ninguén e menos para quen non quere que a protexan”. Para finalizar eloxiando o labor das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado neste caso.

Á marxe dunhas declaracións e unha visión ideolóxica reaccionaria, retrógrada e reprobábel, hai que lembrar ao Ministerio de Interior que unha orde de afastamento e un risco elevado implican un deber de vixilancia extrema e no caso de que se incumpra debe ser detido por quebrantamento da orde.

Era sabido que a vítima convivía co agresor nunha vivenda en Moraña, sendo ela maltratada e con golpes visíbeis no seu corpo. Segundo consta, a Garda Civil acudía periodicamente ao devandito domicilio a comprobar que a vítima estaba na casa. Deuse a alerta cando desapareceu co seu maltratador no municipio lucense de Bóveda, cando foi detido o agresor que pasou polo xulgado de Monforte, máis que volveu ser posto en liberdade. Días máis tarde apareceron calcinados nun coche como consecuencia dunha agresión machista.

A todo isto súmase a falta de respecto absoluta por parte do alcalde de Moraña (PP) que declarou tres días de loito oficial tanto para a vítima como para o seu asasino e agresor, equiparándoos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Comparte o Goberno as afirmacións realizadas polo Subdelegado do Goberno de Pontevedra en relación ao crime machista de Campo Lameiro, sinalando que “non se pode protexer a quen non quere que a protexan” e que “non pode haber vixilancia 24 horas e os sete días da semana para ninguén e menos para quen non quere que a protexan”?



2. Como se poden facer estas manifestacións cando a vítima estaba no sistema Viogén con risco alto e o agresor tiña un amplo historial de malos tratos?
3. Non considera reprobábel que un representante do Goberno realice estas afirmacións machistas, retrógradas e reaccionarias, propias de tempos pretéritos nos que se culpabilizaba ás mulleres vítimas?
4. Exixirá responsabilidades ao Subdelegado do Goberno e reprobará as súas afirmacións?
5. Realizará unha investigación deste caso para coñecer que fallou no sistema Viogén e nas medidas de protección á vítima?

Madrid, a 16 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso